A catro patas!

Estrofas **G – D – C – D**
Retrouso **Em – Bm – C – D**
Ponte / transición **G – Em – C – D – G**

Estrofa 1
G – D – C – D
As estrelas dunha noite,
lúa crecente, asomaban.
Ao carón da beira da rúa
cando xa ías pra casa.

Estrofa 2
G – D – C – D
Todo feito xa quedaba.
Ben aquel día te portaras,
ti voltabas xa pra casa,
pois o día rematára!

Estrofa 3
G – D – C – D
Mais ás túas costas soaba
unha voz que che lembraba:
"Aínda é cedo pra ir pra casa,
toma unha e logo marchas."

Retrouso
Em – Bm – C – D
E nesa noite aprendín
que aínda os días non rematan,
que aínda albergan toda a noite,
hai que andar a catro patas.
Noite de lume que agochan
praceres e moita troula.
Ten coidado, non te afogues,
pois o día xa te escoita.

Estrofa 4
G – D – C – D
Pois cando un amigo chama,
non te quedes xa coas ganas,
pois nun intre pasa a vida,
é mellor ceibe vivila.

Estrofa 5
G – D – C – D
En aquel día fuximos
das penurias dos rencores,
dos fracasos, dos amores
que aínda están por vir mellores.

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 6
G – D – C – D
E brindamos sen sentido,
xuntos todos entre amigos,
xuntanzas sen ter motivo,
algo queda ben vivido!

Final
G – D – C – D
E se pasaches as noites
de lume, esmorga, azar,
mil oitocentos oitenta,
esa noite vas lembrar.